Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 1 DE ABRIL DE 2026 MIÉRCOLES, 1 DE ABRIL DE 2026 | BOP NÚMERO 61

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral no ano 2026

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2026/E005/000008

O 26.03.2026 o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral no ano 2026 que consta como segue:

PRIMEIRO.- Actualización das retribucións complementarias de todos os postos existentes na relación de postos de traballo do Concello, aprobada inicialmente polo Pleno do Concello do 1 de abril de 2024 sen que existisen alegacións a mesma. Dita actualización debese a non inclusión da suba do 2,5% para o 2024 (2%+0,5%IPCA), da suba do 2,5% para o 2025 e da suba do 1,5% para o 2026; o que implica un incremento do valor de punto na RPT en vigor de cara á valoración dos distintos postos de traballo incluídos nela que seguen mantendo as mesmas funcións coas súas correspondentes valoracións.

SEGUNDO.- Modificación dos postos afectados pola estabilización na valoración dos mesmos, o que leva aparellado unha subida salarial na maioría deles, derivada da situación xerada pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que establecía no seu artigo 5.2 “De la resolución de estos procesos no podrá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto ni de efectivos, debiendo ofertarse en estos procesos, necesariamente, plazas de naturaleza estructural que se encuentren desempeñadas po persoanal con vinculación temporal(...)”. Por iso, independentemente da suba que se realiza neste proxecto na maioría dos postos afectados, e co fin de conseguir paulatinamente unha valoración axeitada á realidade administrativa dos postos de persoal laboral fixo, proceso que se irá abordando de forma progresiva, segundo o caso, conforme ás posibilidades orzamentarias, organizativas e técnicas da Administración.

TERCEIRO.- Modificación da valoración dos postos que quedaron fóra do proceso de estabilización pola asunción de novas funcións:

- Posto de conserxe 3.9.4.5
- Posto de auxiliar administrativa 3.11.6.4

CUARTO.- Modificación do complemento de destino dos seguintes postos:

- Posto de técnica de Administración Xeral ao nivel 30.
- Posto de xefe do corpo de policía ao nivel 22.
- Posto de policía ao nivel 20.

QUINTO.- Modificación do complemento específico dos seguintes postos:

- Posto de auxiliar administrativo 1224 da área de Secretaría.
- Posto de auxiliar administrativo 1334 da área de Secretaría.
- Posto de auxiliar técnico de obras 3534 da área de Administración Xeral.
- Posto de secretaría.
- Posto de interventora.
- Posto de conserxe 3725.
- Posto de conserxe 3835.
- Posto de xefe de policía
- Posto de policía 6223
- Posto de policía 6333

Número de anuncio 2026/1922

SEXTO.- Reclasificación dos postos de:

- Posto de auxiliar administrativo de estadística e secretaría 1114/ posto administrativo de estadística e secretaría.
- Posto de auxiliar administrativo 1224 da área de secretaría/ posto administrativo.
- Posto de auxiliar administrativo 1334 da área de secretaría/ posto administrativo.
- Posto de auxiliar técnico de obras 3534 da área de Administración Xeral/ posto administrativo técnico de obras.
- Posto de conserxe 3835/ auxiliar de biblioteca

SÉTIMO.- modificación da ficha do posto de auxiliar administrativo de Administración Xeral, dependente de secretaría no rexistro xeral (3.3.1.4), a consecuencia da xubilación da titular do posto por acadar a idade ordinaria de xubilación, para adaptalo ás necesidades actuais e ao desenvolvemento do posto que se pretende en adiante e que se equipara ao posto de auxiliar administrativo 3.3.1.4 de Administración Xeral, actualmente en proceso de selección para a súa cobertura definitiva.

OITAVO.- Expoñer ao público esta modificación da relación de postos de traballo durante o prazo de quince días hábiles que se computarán dende o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no boletín oficial da provincia (BOP) durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar as reclamacións oportunas ante o Pleno do Concello.

Esta modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

NOVENO.- Publicar no boletín oficial da provincia (BOP) a modificación da relación dos postos de traballo unha vez sexa aprobada definitivamente.

DÉCIMO.- Remitir á Administración do Estado e á Administración Autonómica de Galicia, dentro do prazo de trinta días, copia do acordo acadado

Concello de Carral, 27 de marzo de 2026

O alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2026/1922

Número de anuncio 2026/1922